

Pola prevención da tortura

Barcelona, 4 de febreiro de 2006

Perante a ratificación do Protocolo Facultativo à Convención das Nacións Unidas contra a Tortura e outros Tratamentos ou Penas Cruéis, Desumanas ou Degradantes, a Coordinadora para a Prevención da Tortura (CPT), plataforma que agrupa 41 organizacións de todo o Estado, quer manifestar publicamente a súa satisfacción.

A persistencia da tortura no Estado español foi posta de manifesto no Relatorio da CPT presentado no mes de Maio do pasado ano. Recollen-se neste Relatorio a denuncia por tortura de 800 persoas e apunta-se que entre os anos 2001 e 2004 foron imputados 227 membros das forzas de seguranza en delitos relacionados con esta práctica. No Relatorio referido ao no 2005, que será feito público en breve, inclúen-se xa, à espera da redacción definitiva, outros tantos casos.

Por outra parte cumpre lembrar que outras moitas torturas e maus tratos non foron denunciados polas vítimas e que en numerosas ocasións os agresores beneficiaron da impunidad que envolve esta práctica no EE ao seren indultados tras condena por sentenza firme.

O Protocolo

A posta en vigor do Protocolo pode agora converter-se nun importante meio para erradicar, ou cando menos reducir, esta práctica infame. Mais iso unicamente virá acontecer se a posta en funcionamento dos mecanismos de prevención previstos nel for

real e non se limitar, mais unha vez, a unha declaración de boas intencións. Non deberá acontecer con este Protocolo o mesmo que aconteceu con as ratificacións doutros tratados tais como a propia Convención da ONU contra a Tortura e outros Tratamentos ou Penas Cruéis, Desumanas ou Degradantes, asinada e ratificada polo EE, ou o Convénio Europeo para a Prevención da Tortura e das Penas ou Tratamentos Desumanos ou Degradantes, cuxas recomendacións, despois de se ter constatado a práctica da tortura no Estado, aínda non foron postas en práctica.

A CPT reitera a súa vontade de permanecer vixiante para garantir a transparencia de todo o proceso da súa posta en marcha e funcionamento, e compromete-se perante a opinión pública a denunciar calquer tentativa de desvirtuar os mecanismos de prevención, reclamados pola propia Coordinadora así como por numerosas instancias estatais e internacionais.

Abril 2006

Recomendacións

Recomendacións

3ª A detención incomunicada e o rexime de isolamento penitenciario crean condicións que facilitan a práctica e impiedade da tortura, dotando de sistematicidade a súa práctica. Por iso, estes mecanismos excepcionais deberán ser inmediatamente suprimidos, así como aquelas lexislacións e tribunais que os utilizan e amparan, como a Audiencia Nacional, recuperando-se a figura do xuíz natural. Así mesmo, deberían ser suspendidos e arquivados todos os procedimentos penais sustentados en inculpacións ou auto-incipacións arrancadas baixo tortura às persoas detidas.

4ª Sen prexuízo do anterior, serán postos en marcha mecanismos de prevención que impidan a práctica da tortura. Para iso, toda detención debe comezar con unha tomada de declaración à persoa detida para determinar se se acolle ao dereito constitucional a non declarar. Neste último caso, a persoa detida será posta inmediatamente a disposición xudicial, e nengun interrogatorio nen declaración da mesma, emitida con posterioridade a estas manifestacións e até a súa comparecencia perante o xuíz, terá validez. Os interrogatorios constarán da identificación das persoas presentes e a acreditación da súa función no interrogatorio e/ou proceso xudicial. Os interrogatorios, así como toda a estadia en comisaría, deberían ser rexistados con mecanismos áudio-visuais cuxo control e revisión debería ser realizado por organismos independentes das forzas policiais e os seus responsábeis políticos directos. Dederá prohibir-se expresamente que haxa persoas encarapuchadas nas dependencias policiais e nas sesións de interrogatorio.

1ª As mais altas autoridades e institucións de todo o Estado deberán reafirmar pública e oficialmente a prohibición, en calquer circunstancia, de toda forma de tortura e/ou tratamento desumano ou degradante, e recoñecerán a existencia máis que esporádica deste fenómeno no Estado Español.

2ª Deverá garantir-se, con rapidez e eficacia, que toda persoa detida polas Forzas de Seguranza do Estado teña garantidos os dereitos de a) acceder a un advogado de confianza antes de prestar declaración. No caso de a persoa detida optar por ser asistida por un advogado de oficio este deberá contar con experiencia na asistencia e a súa actividade deberá seguir un protocolo de actuación; b) ser examinada por médicos da súa confianza, garantindo-se que os médicos forenses que interviren en casos de tortura e/ou maus tratos traballen en base a protocolos e estándares internacionais entre eles o Protocolo de Istambul- e acrediten unha formación especial para o diagnóstico das torturas tanto físicas como psíquicas e para a valoración das súas secuelas, e c) que a súa familia e achegados sexan informados do feito e lugar da súa detención, así como do seu estado de saúde e situación xudicial.

5ª Nengunha persoa detida ou presa debe ver-se submetida a isolamento sensorial de caste algunha e debe prohibir-se expresamente que os seus ollos sexan vendados, as súas cabezas encarpuchadas ou os seus ouvidos tamponados. Así mesmo, deberá ser incautado todo material anti-regulamentario (tanto defensivo como ofensivo) que puder achar-se nas dependencias dos funcionarios. Igualmente se garantizará que nengunha técnica de interrogatorio das expresamente prohibidas polo artigo 16 da Convención contra a tortura sexa aplicada no Estado español.

6ª O Goberno ratificará o Protocolo Facultativo à Convención das Nacións Unidas contra a Tortura e outros Tratamentos ou Penas Cruéis, Desumanas ou Degradantes, e garantizará a independencia do Mecanismo Estatal de Prevención e dos Mecanismos Locais de Prevención previstos neste Protocolo. Para iso aceptará que o desenvolvemento real deste Protocolo debe facer-se en consenso con a sociedade civil, as organizacións activas na materia e os mecanismos internacionais de control. Os Mecanismos deseñados en desenvolvemento do Protocolo Facultativo à Convención das Nacións Unidas contra a Tortura e outros Tratamentos ou Penas Cruéis, Desumanas ou Degradantes, terán plena liberdade para visitar e inspeccionar os centros de detención no sentido amplo do termo que recolle o Protocolo-, supervisaren a actividade dos médicos forenses e en especial o cumprimento dos estándares internacionais de actuación, asesoraren a investigación das denuncias, informaren e seren informadas polos xuíces, así como supervisaren a efectiva execución das sancións aos funcionarios infractores.

7ª O Goberno e as autoridades correspondentes garantirán que todo funcionario que tiver de exercer traballos de custódia estexa informado sobre a prohibición da tortura, teña a formación adecuada nos protocolos internacionais de garantía dos dereitos humanos e os coñecementos sócio-culturais adecuados para poder respectar en todo o momento os dereitos e liberdades que continúan asistindo as todas as persoas detidas ou presas.

8ª Deverá garantir-se a independencia, rapidez e eficacia das investigacións perante as denuncias por torturas e maus tratos, asegurando que se aplica a lexislación internacional e as resolucións dos organismos internacionais para a sanción das mesmas. Igualmente deberá garantir-se unha rápida e eficaz investigación de todos aqueles casos de falecemento sob custódia. O Fiscal deberá realizar de oficio actuacións indagatorias sobre os feitos denunciados. O Goberno, por conduta do Fiscal Xeral do Estado, instruirá os fiscais para estes seren activos na represión da tortura. Sen prexuízo de todo isto, a vítima de torturas gozará sempre do dereito à asistencia xurídica gratuita especializada.

9ª En caso de denuncia de torturas tomarán-se medidas preventivas legais e disciplinarias contra os funcionarios acusados, comezando pola suspensión acutelar no exercicio das súas funcións até ao esclarecemento dos feitos. A investigación deberá ser levada a cabo con independencia dos presumíveis autores e do corpo ao que serven. As investigacións deberían facer-se en conformidade con os Principios establecidos pola Asemblea Xeral da ONU na súa resolución 55/89.

10ª Declarar a imprescriptibilidade do delito de tortura e garantir que nengunha persoa que tiver cometido torturas fiquen inmune. En relación con este aspecto e no tema dos indultos a funcionarios condenados por torturas, esta graza non pode ser postestade governamental. A acusación aos denunciados de tortura por calúnias, denuncia falsa, falso testemuño ou incluso colaboración con banda armada polo único feito de interpor denuncia de tortura non pode ser considerada senón como represalia para xerar un estado de medo a denunciar e procurar así a impunidade dos feitos acontecidos.

11ª Ao determinar o lugar de reclusión das persoas privadas de liberdade, debería-se prestar especial atención ao mantimento das relacións sociais e familiares, así como às necesidades do proceso de rehabilitación social en cumprimento do art. 25.2 da Constitución española. Proibirá-se a utilización do afastamento ou a dispersión penitenciaria como política sistemática por contravir frontalmente este principio.

12ª Tanto en cárceres como en comisarias, as necesidades propias da muller deben ver-se cobertas. Debe prohibir-se taxativamente o trato vexatorio e/ou sexista que poda agredir a condición sexual das persoas presas ou detidas. O dereito à liberdade e identidade sexual das persoas detidas ou presas debe estar garantido durante a súa custódia policial, xudicial ou penitenciaria, con independencia da súa condición de home, muller ou transexual así como da súa orientación sexual.

13ª Igualmente deben observarse con especial precaución os casos de torturas e/ou maus tratos baseados en discriminacións étnicas, relixiosas, por razón cultural, de procedencia, ou por calquer outra razón. Nestes casos deberá garantir-se que a persoa denunciante de torturas e/ou maus tratos non será obxecto de represalias. Así mesmo, deberá facer-se fincapé en que a expulsión/devolución de inmigrantes a países onde se practica a tortura é unha actuación prohibida, que torna responsábel o país que acorda a expulsión/devolución.

14ª Tomar con especial urxencia todas as medidas necesarias para erradicar as torturas e/ou maus tratos a persoas menores de idade, tanto en comisarias, como en Centros de Reforma de Menores, como sob calquer tipo de custódia. As boas condicións de acollida e tratamento ao menor deben estar garantidas en todo o momento e os xuíces e fiscais de menores deben ser os garantes destas condicións con a súa presenza física nos espazos de custódia. En especial, debe prohibir-se a detención incomunicada e o isolamento dos menores que cumpren condenas privativas de liberdade.

15ª O dereito fundamental à saúde e à integridade física e psíquica das persoas detidas e presas debe estar totalmente garantido. Nengunha persoa gravemente doente ou cuxa doenza poda ver-se agravada pola custódia en cárceres ou comisarias será ingresada nestas institucións. Igualmente há de ter-se especial cuidado polo respecto a estes dereitos nos psiquiátricos de custódia das administracións públicas. As condicións de hixiene, salubridade e dignidade dos lugares de custódia ou detención deberán ser garantidas.

16ª As persoas que tiveren sufrido torturas ou maus tratos deberán recibir remedio e reparación adecuados, incluíndo o recoñecemento do dano, a rehabilitación, a indenización, a satisfacción das necesidades derivadas da súa nova situación persoal e a garantía de non repetición.

Acció dels Cristians per l'Abolició de la Tortura (ACAT), Alerta Solidària, Asociación APOYO, Asociación EXIL, Associació Catalana per la Defensa del Drets Humans, Associação Contra a Exclusão pelo Desenvolvemento, Asociación Contra la Tortura, Asociación para la Defensa de los Derechos de la Infancia, Asociación Libre de Abogados, Associació Memòria Contra la Tortura, Asociación Pro Derechos Humanos de Andalucía, Asociación de Solidaridad y Apoyo a los Presos de Aragón (ASAPA), Behatokia (Observatorio Vasco de Derechos Humanos - Euskal Herriko Giza Eskubideen), Centro de Asesoría y Estudios Sociales (CAES), Centro de Documentación Contra la Tortura, Comissió de Defensa del Col.legi d'Advocats Barcelona, Comité Anti-Sida de Lugo, Concepción Arenal, Comité de Solidaridad con Euskal Herria de Madrid, Coordinadora Antirrepresiva de Gràcia, Coordinadora Contra la Marginación de Cornellà, Coordinadora de Barrios de Madrid, Coordinadora Estatal de Solidaridad con las Personas Presas, Esculca (Observatorio para a defensa dos dereitos e liberdades), Eskubideak (Euskal Abokatuen Elkarte), Elxerat (Euskal Errepresaliatu Politikoen Elkarte), Federación de Asociaciones de Loita contra a Droga, Federación Enlace, Fundación Érguete, Gurasoak, Institut Drets Humans de Catalunya, Justicia i Pau, Movemento polos Dereitos Civís, Observatori del Sistema Penal i els Drets Humans de la UB, PreSOS Extremadura, PreSOS Galiza, Rescat, SalHaketa (Bizkaia), SalHaketa (Araba), Torturaren Kontrako Taldea, Santurtziko Torturaren Kontrako Taldea, Xusticia e Sociedade.

Coordinadora para a Prevención da Tortura www.prevenciontortura.org

· Coordinadora per a la Prevenció de la Tortura · Coordinadora por la Prevención de la Tortura · Torturako Prebentziarako Koordinadora